DECLARACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL FORMULADA POLA DIRECCIÓN XERAL DE CALIDADE AMBIENTAL E CAMBIO CLIMÁTICO DO 4 DE MAIO DE 2018, RELATIVA AO PROXECTO DO CENTRO DE XESTIÓN AMBIENTAL DE LOUSAME, PROMOVIDO POLA EMPRESA GESTORA DE RESIDUOS DEL NOROESTE, S.L. (CLAVE 2015/0195).

ANTECEDENTES

Con data 21.09.2015 recíbese na Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (actual Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio) a solicitude de autorización ambiental integrada presentada pola empresa Gestora de Residuos del Noroeste S.L. para a instalación dun Centro de Xestión Ambiental en Lousame (A Coruña).

O Servizo de Prevención e Control Integrados da Contaminación determinou que a instalación está incluída no Anexo I, categorías 5.5 e 5.6 da entón vixente *Lei 16/2002, de 1 de xullo, de prevención e control integrados da contaminación*.

Así mesmo, o Servizo de Avaliación Ambiental de Proxectos estimou que a actuación pretendida está incluída no Anexo I, grupo 8, apartado c da *Lei 21/2013 de 9 de decembro, de avaliación ambiental*, concretamente como *Vertedoiros de residuos non perigosos que reciban máis de 10 t por día ou que teñan unha capacidade total de 25.000 t, excluídos os vertedoiros de residuos inertes.* Consecuentemente, a actuación someterase a unha avaliación de impacto ambiental ordinaria.

1 Información sobre o proxecto e a contorna

1.1 Promotor do proxecto e órgano substantivo

O promotor do proxecto é a empresa Gestora de Residuos del Noroeste S.L., sendo o órgano substantivo da actividade o Servizo de Prevención e Control Integrados da Contaminación pertencente á Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático.

1.2 Obxecto, descrición e localización do proxecto

O obxecto do proxecto é a construción do Centro de Xestión Ambiental de Lousame para a valorización de residuos non perigosos, o almacenamento de residuos perigosos e non perigosos e o depósito en vertedoiro de residuos non valorizables.

O centro de xestión de residuos proxéctase en dúas parcelas que posúen unha superficie total de 20 ha, estando situadas ao nordeste do concello de Lousame, na denominada zona das Brañas, ao sur da estrada AC-543 (Santiago - Noia). As coordenadas exactas do emprazamento son as seguintes:

COORDENADAS UTM (ETRS89 29N)	
X	Y
516.762	4.738.996

O proxecto proposto contará cunha nave de valorización de residuos e cun vertedoiro para eliminación definitiva dos residuos non perigosos. A continuación, descríbense as principais características destas dúas instalacións:

➢ Nave de valorización e almacenamento

Dentro da nave de valorización levaranse a cabo as actividades de valorización de residuos non perigosos e o almacenamento de residuos perigosos e non perigosos, dividíndose nas seguintes zonas:

- Zona industrial (de 884m^2), onde se lavará a cabo o tratamento do residuo.
- Zona administrativa (de 78m^2), onde se emprazarán as oficinas, despacho e sala de reunións.
- Zona de servizo (de 75m^2), que albergará os vestiarios, un office e un laboratorio.

No tocante á actividade de valorización de residuos, a planta disporá de dúas liñas de proceso: liña de valorización mediante triaxe e liña de valorización mediante proceso CDR (combustible derivado de residuos). Os procesos que se levarán a cabo en cada unha delas descríbense a continuación:

- Liña de triaxe: desde a praia de descarga os residuos non perigosos son transportados ata ao silo de alimentación da liña, na que mediante un sistema de cintas se irán separando de forma manual os materiais recuperables como o vidro, madeira, plástico, materiais férricos, papel e cartón, etc. Este material recuperable será amoreado en áreas clasificadas para cada material e debidamente sinalizadas á espera de envío a xestor final autorizado; naqueles casos en que pola súa composición e estado non sexan recuperables pero si sexan valorizables enerxeticamente, serán enviados á liña de CDR para a súa valorización enerxética. O rexeitamento desta liña, material non recuperable nin valorizable enerxeticamente, será eliminado no vertedoiro do centro.

  A capacidade máxima de tratamento desta liña será de **75.600 t/ano**, estimándose unha capacidade normal en 37.800 t/ano. A praia de descarga para o almacenamento previo será de **24 toneladas**.

- Liña de Proceso CDR: os residuos non perigosos (plásticos, madeira, téxtiles, papeis e cartóns que non son recuperables) transportaranse desde a praia ata ao silo, posteriormente pasan por un separador magnético e despois serán dirixidos mediante un sistema de cintas ata o triturador. O combustible CDR obtido será almacenado á espera da súa expedición.

  A capacidade máxima de tratamento desta liña será de **18.900 t/ano**, estimándose unha capacidade normal en 9.450 t/ano. A praia de descarga para o almacenamento previo será de **10 toneladas**.

O proceso de almacenamento constará das seguintes accións: recepción, separación e envasado dos residuos, etiquetado e almacenamento dos envases, e posterior entrega a xestor autorizado.

A tipoloxía de envases que serán empregados para o almacenamento dos residuos é a seguinte:

- Contedores GRG de 1 m^3.
- Contedores de polietileno pechados de 120 cm.
- Bidóns pechados de 200 litros (BM200).
- Big-Bags homologados de 1 m^3.

Os tempos de almacenamento serán de 6 meses para os residuos perigosos e de 2 anos para os residuos non perigosos (1 ano no caso de que os residuos vaian ser obxecto de eliminación).

A capacidade máxima de almacenamento da nave será de **60 t** no caso dos residuos perigosos, e de **120 t** no caso de residuos non perigosos.

➢ Vertedoiro

Co obxecto de recibir todo a material de rexeite da planta de valorización (liña de triaxe), o proxecto contempla a construción dun vertedoiro. Este material de rexeite procedente do centro de xestión estará conformado unicamente por residuos susceptibles de ser eliminados a vertedoiro segundo o Anexo V da Orde do 20 de xullo de 2009 pola que se regula a construción e a xestión dos vertedoiros no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

O vertedoiro proxectado estará composto por 7 celas, cuxa superficie en fondo de vaso oscilará entre 2.520 m^2 e os 6.695 m^2, e contará cos seguintes elementos:

- Sistema de alivio de presión de augas subterráneas.
- Sistema de xestión de lixiviados.
- Drenaxe de augas pluviais.
- Control de augas subterráneas.
- Accesos.
- Control de acceso.

No vaso de vertido está prevista a entrada dun total de 1.100.000 m^3 de residuos non perigosos sendo a súa vida útil estimada de 10 anos baixo unha previsión de entrada anual de **100.000 m^3/ano**. Segundo a compacidade media dos residuos esperados e da bibliografía consultada polo promotor, este agarda unha densidade media de residuo de 0,7 t/m^3 e polo tanto unha entrada total de **770.000 t** de residuos non perigosos.

No tocante ao método de explotación, as celas iranse enchendo seguindo a orde de numeración -da cela 1 á 7-, e os residuos verteranse en capas de aproximadamente 1 m, sendo aplanados e compactados ata acadar os 3 m de altura, momento no que se realizará un compactado máis intenso, conformando un noiro xeral externo de 3H:1V.

1.3 Principais elementos ambientais da contorna

O ámbito obxecto do proxecto, ocupa unha superficie de aproximadamente 20 ha ao nordeste do concello de Lousame. O seu acceso principal realízase pola estrada AC-543 -que une as localidades de Santiago de Compostela e Noia-, do que deriva un viario pavimentado, de aproximadamente 6 m de anchura, que chega ata o ámbito.

Segundo o Plan Xeral de Ordenación Municipal do concello de Lousame[1], o solo sobre o que se localizará o centro de xestión ambiental, clasifícase como "Solo Rústico de Protección Forestal en Zona de progresiva recuperación da diversidade biolóxica e produtiva". Linda ao norte cun solo urbanizable non delimitado de uso industrial e ao leste cun solo rústico de protección de infraestruturas. Este último, ocupado na actualidade por una explotación de gando vacún e o polo complexo medioambiental de tratamento de residuos sólidos urbanos e asimilables "Mancomunidade de Concellos da Serra do Barbanza", propiedade de FCC. As poboacións máis próximas son o núcleo rural de Fontefría -a aproximadamente 400 m ao norte-, o núcleo rural de Cedofeito –a uns 890 m ao noroeste-, e o núcleo de Mirón – a uns 950 m ao suroeste-.

Non existen no ámbito montes catalogados nin tampouco de xestión pública, pero si é lindeiro a dous montes veciñais en man común, "Colón" e "Fontefría", ao oeste e ao norte respectivamente.

O centro de xestión ambiental proxéctase sobre unha superficie que oscila entre os 305 m e 475 m de altitude, con pendentes que oscilan entre o 3% na súa zona máis chá, ao nordeste, ata o 30% no sur da parcela.

[1] Aprobado definitivamente o 29/12/2004

Localízase nunha zona de elevada pluviosidade, chegando a superar, en función do ano, os 2.000 mm de precipitación anual[2].

O seu uso actual é o aproveitamento silvopastoral, baseado na explotación de eucalipto (*Eucaliptus globulus*) e o aproveitamento do sotobosque polo gando vacún. Ademais do eucalipto, tamén existen pés dispersos de carballo (*Quercus robur*), acacia negra (*Acacia melanoxylon*) e piñeiro do país (*Pinus pinaster*). O sotobosque está dominado por especies herbáceas e arbustivas como o toxo (*Ulex europaeus*), uceiras (*Erica ciliaris*), calluna (*Calluna vulgaris*), daboecia (*Daboecia cantabrica*), etc.

O terreo obxecto do proxecto verte as súas augas ao rego Agro das Xestas, afluente do río Vilacoba ou río Manlle, e se estende sobre a masa de auga subterránea denominada Tambre. Destacar a presenza de varias captacións de auga superficial e subterránea dentro da conca do rio Vilacoba, como é a captación superficial de Alvariza (ES014ZCCM000000990), que capta a auga do mesmo río Vilacoba e abastece a unha poboación de 6.716 habitantes. Asociada á mesma masa de auga tamén se atopa a zona protexida como zona de produción de moluscos denominada Estuario do río Tallara (Cód. GAL 08/05), ou o coto de pesca de Traba.

Aínda que o ámbito non conta con ningunha figura de protección, segundo o Atlas e Manual dos Hábitats Naturais e Seminaturais do Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente, é lindeiro a varios hábitats de interese comunitario e ao hábitat de interese tamén prioritario de Queirogais húmidos atlánticos de zonas temperadas de *Erica ciliaris* e *Erica tetralix* (cod.4020) [3].

En relación co Catálogo das Paisaxes de Galicia[4], a contorna forma parte da comarca paisaxística "Muros", na grande área paisaxística "Rías Baixas". A un 1.300 m ao oeste do ámbito, localízase a Área de especial interese paisaxístico (AEIP) "San Xusto", que abarca o mosteiro e as fervenzas do río San Xusto.

No tocante ao patrimonio cultural, existen dentro da zona de afección do centro de xestión ambiental, dous rocas con gravados ou petroglifos: Gravados 1 e 2 das Brañas (GA15042REF1 e GA15042REF2).

2 Trámite de información pública e das consultas ás Administracións públicas afectadas e ás persoas interesadas

Con data 19.04.2017 recíbese neste Servizo de Avaliación Ambiental de Proxectos o expediente de información pública do proxecto, no que se inclúe a solicitude do promotor para o inicio da avaliación de impacto ambiental ordinaria.

Previamente, e de acordo coa Lei 21/2013 de 9 de decembro, de avaliación ambiental, o 15.09.2016 publicouse no DOG (nº 176) o anuncio do 18.08.2016 da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental (actual Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático) polo que se somete a información pública a solicitude de autorización ambiental integrada das instalacións do centro de xestión ambiental de Lousame, promovido por Gestora de Residuos del Noroeste, S.L. no concello de Lousame (A Coruña). Os documentos obxecto de información pública foron:

- Proxecto básico para a solicitude da autorización ambiental integrada das instalacións do centro de xestión ambiental de Lousame, A Coruña (marzo 2016).
- Estudo de impacto ambiental das instalacións do centro de xestión ambiental de Lousame, A Coruña (marzo 2016).

[2] Segundo os datos recollidos na estación máis próxima (Lesende), da Rede Meteorolóxica de Meteogalicia

[3] Anexo I da Directiva 92/43/CEE relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres e anexo I da Lei 42/2007, do patrimonio natural e da biodiversidade.

[4] Aprobado polo Decreto 119/2016, do 28 de xullo (DOG do 25/08/2016)

- Estudo de impacto e integración paisaxística das instalacións do centro de xestión ambiental de Lousame, A Coruña (marzo 2016).
- Proxecto de prospección previa ao estudo de impacto sobre o patrimonio cultural das instalacións do centro de xestión ambiental de Lousame, A Coruña (marzo 2016).
- Proxecto construtivo dun vertedoiro de residuos non perigosos do centro de xestión ambiental de Lousame, A Coruña (marzo 2016).
- Proxecto de nave de valorización de residuos do centro de xestión ambiental de Lousame, A Coruña (marzo 2016).
- Addenda á solicitude de autorización ambiental integrada do centro de xestión ambiental de Lousame, A Coruña (xullo 2016).

Simultaneamente ao trámite de información pública, de acordo co artigo 37.1 da lei 21/2013, o órgano substantivo consultou aos seguintes organismos:

Administracións públicas e público interesado	Solicitude	Resposta
Federación Ecoloxista Galega	22.08.2016	18.10.2016
Sociedade Galega de Ornitoloxía	22.08.2016	--
Servizo de Administración Industrial	22.08.2016	07.10.2016
	08.02.2017	16.02.2017
	22.02.2017	17.03.2017
Sociedade Galega de Historia Natural	22.08.2016	--
Laboratorio de Medio Ambiente de Galicia	22.08.2016	23.11.2016
Dirección Xeral de Saúde Pública	22.08.2016	28.09.2016
Augas de Galicia	22.08.2016	10.11.2016
	22.02.2017	26.07.2017
	28.11.2017	21.02.2018
Dirección Xeral Patrimonio Cultural	22.08.2016	25.10.2016
	29.11.2016	17.10.2017
Instituto de Estudos do Territorio	22.08.2016	22.09.2016
Concello de Lousame	22.08.2016	20.10.2016
	19.04.2017	08.06.2017
Dirección Xeral de Ordenación e Produción Forestal	22.08.2016	24.03.2017
Dirección Xeral de Patrimonio Natural	22.08.2016	25.01.2017

Durante o período de exposición pública recibíronse, ademais dos informes sinalados na táboa anterior, as alegacións seguintes:

Alegantes	Recepción
Asociación Galega Cova Crea	07.10.2016
Asociación Verdegaia	14.10.2016
Particular (Dona Alexia Del Río García))	19.10.2016
Asociación Arco Iris	19.10.2016
Grupo Político do Partido da Terra de Lousame	20.10.2016
	25.10.2016
Sindicato Labrego Galego- Comisión Labregas	20.10.2016
Plataforma contra o novo vertedoiro de residuos industriais en Lousame	21.10.2016
Asociación Turístico Comarcal Ría Muros e Noia	21.10.2016
Particular (Don Fernando Ferreiro Villar)	21.10.2016

Alegantes	Recepción
Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galicia (ADEGA)	21.10.2016
Asociación galega de amigos do camiño de Santiago inglés da Ría de Muros e Noia	21.10.2016
Particular (Dona Dolores Bouzas Calvo)	24.10.2016
Particular (Dona Luz Sambade Roo)	24.10.2016
Particular (Don Fernando Ferreiro Villar)	24.10.2016
Particular (Don Francisco Calo Abelleira)	24.10.2016
Plataforma pola Defensa da Ría de Muros-Noia;	25.10.2016
Asociación Verdegaia	25.10.2016
Sociedade Histórica e Cultural Coluna Sanfins	25.10.2016
Particulares (Don Alfredo Suárez Vinagre e Dona María Paz Calvo)	25.10.2016
Confraría de Pescadores San Bartolomé de Noia	26.10.2016
Comunidade Monte Veciñal Colon de Mirón	27.10.2016
Concello de Brión	27.10.2016
Particular (Don Antonio Moure)	31.10.2016
Grupo Parlamentario En Marea	08.11.2016
Deputación Provincial A Coruña	11.11.2016
Concello de Poio	22.12.2016

Unha vez valorado o expediente ambiental, o Servizo de Avaliación Ambiental de Proxectos, a fin de completar a análise técnica do expediente, requiriu o pronunciamento dos seguintes organismos respecto das cuestións da súa competencia manifestadas polos alegantes durante o período de información pública:

Administracións públicas	Solicitude	Recepción
Augas de Galicia	02.06.2017	31.01.2018
Subdirección Xeral de Residuos	01.06.2017	04.07.2017

A continuación resúmense os informes e as alegacións recibidas:

- **Augas de Galicia** destaca <u>nun primeiro informe</u> unha serie de deficiencias en relación co dimensionamento da balsa de decantación; a cuantificación, o tratamento e a caracterización das augas de escorrega; o destino das augas residuais e lixiviados; as contradicións respecto das características da fosa séptica proposta e a falta de información respecto do vertido das augas residuais fecais. Tendo en conta todas as deficiencias sinaladas, e co fin de poder emitir un segundo informe, solicitan que se lles aporte unha serie de información respecto das escorregas procedentes do exterior, das augas residuais industriais de escorrega, das augas residuais e lixiviados xerados no interior da nave e recollidos mediante sumidoiros, das augas recollidas no sistema de alivio de presión do vertedoiro, e das augas residuais fecais. Finalmente, sinalan tamén que se está á espera da emisión de informe por parte da Área de Calidade das Augas no tocante ás augas subterráneas, e recordan a necesidade de dispor de autorización de Augas de Galicia para a realización de obras dentro do dominio público hidráulico.

  Con data 02.06.2017 o Servizo de avaliación Ambiental de Proxectos remite a Augas de Galicia os informes dos organismos consultados, as alegacións recibidas durante a información pública, e a documentación subsanada do proxecto para que emita informe. O 31.01.2018 recíbese neste Servizo, o informe solicitado ao organismo de conca.

  <u>Neste segundo informe</u>, unha vez analizada a documentación recibida, aportan as seguintes consideracións:

  - Respecto da **rede fluvial**, afirman que non figura no visor IDE de Augas de Galicia ningún río no ámbito de actuación, é dicir, cunha conca de aportación superior a 1 km^2. No entanto, existen contradicións dentro do propio documento en canto a existencia dun regato dentro deste ámbito.

Augas de Galicia solicita que se aclare este punto relativo a súa existencia, sendo obrigatorio, no caso de existir algún curso fluvial ou calquera elemento susceptible de consideración como dominio público hidráulico, aplicar a normativa e lexislación de augas.

A lexislación sectorial de augas establece unha zona de servidume e policía en tódolos leitos públicos e en toda a súa lonxitude, con independencia da clasificación do solo e con independencia de que estean ou non grafados nos planos de ordenación. Ademais, segundo o establecido nos artigos 9.4, 78 e 126 do Regulamento de Dominio Público Hidráulico[5] (RDPH) calquera actuación precisará autorización administrativa do organismo de conca independente doutra que teña que ser outorgada por outro organismo da Administración. Consecuentemente, analizarase en detalle a actuación estableceéndose todos os condicionantes e prescricións oportunas para o seu desenvolvemento.

- No ámbito de actuación non se atopan **zonas protexidas** incluídas no Catálogo de Zonas Protexidas do Plan Hidrolóxico Galicia Costa[6] (PHGC). En todo caso, apuntan a que se deberá ter en conta a presenza de humedais ou outras zonas húmidas no desenvolvemento da actuación, adoitando as medidas precisas para a súa preservación, e no seu caso, contar coas autorizacións correspondentes.
- Definen e resumen a normativa e os condicionantes asociados ás **zonas inundables** e de fluxo preferente, no entanto, o ámbito de actuación non está afectado por ningunha ARPSI (área de risco potencial significativo de inundación).
- En canto ao **abastecemento**, indican que na documentación se recolle a execución dun pozo de barrena para dispoñer de auga no centro de xestión de residuos. Recordan que calquera aproveitamento de augas requirirá a súa inscrición no Libro de Rexistro de Augas como uso privativo por disposición legal ou concesión administrativa, segundo o establecido nos artigos 54 e 59 do Texto Refundido da Lei de Augas[7] (TRLA). A inscrición deberá realizarse antes da posta en funcionamento do vertedoiro.
- No que atinxe aos **aproveitamentos hídricos**, mencionan que tras consultar o Libro de Rexistro de Augas de Galicia, non consta, salvo erro ou omisión, ningunha captación inscrita no ámbito de estudio. Recordan novamente que, segundo o establecido no TRLA, calquera aproveitamento de augas requirirá a súa inscrición no Libro de Rexistro de Augas.

  En todo caso, toda modificación das características dunha concesión requirirá autorización administrativa previa do mesmo órgano outorgante[8], e no caso de afectar a algunha captación de augas inscrita, contemplarase a súa reposición. Consecuentemente, o titular dos traballos deberá elaborar e facilitar aos afectados por esas reposicións toda a documentación necesaria para a tramitación da modificación da correspondente concesión.
- No tocante aos **criterios técnicos da actuación proposta**, recordan que o deseño e dimensionamento desta actuación deberán seguir as prescricións establecidas nos artigos 35 a 38 da Normativa do PHGC. Neste senso, solicita a xustificación ante a Administración Hidráulica de Galicia dos períodos de retorno utilizados para a rede de drenaxe de pluviais proposta así como a súa afección ao DPH. En calquera caso, deberanse deseñar os sistemas de drenaxe adecuados para asegurar a calidade das augas do medio fluvial en todo momento.

[5] Aprobado por Real Decreto 849/1986, do 11 de abril.
[6] Aprobado polo Real Decreto 11/2016, do 8 de xaneiro.
[7] Aprobado polo Real Decreto Lexislativo 1/2001, do 20 de xullo.
[8] Artigo 143 do RDPH

- No que respecta á **calidade das augas**, integran tamén, neste segundo informe, as consideracións máis destacables do informe emitido con data 25.08.2017 pola Área de Calidade das Augas da Subdirección Xeral de Xestión do Dominio Público Hidráulico de esa entidade:

  - No seu informe, a Área de Calidade das Augas engade un primeiro apartado de antecedentes onde sinalan que na addenda aportada polo promotor, como resposta ao primeiro dos informes emitido por Augas de Galicia, se contempla un cambio de punto de vertido das augas residuais industriais de escorrenta depurada respecto ao recollido no Estudio de Impacto Ambiental. Por este motivo, e para poder avaliar a capacidade de admisión do medio receptor de dito vertido, solicitan ao Servizo de Planificación e Programación Hidrolóxica a estimación de caudal neste novo punto[9]. O mencionado servizo, resposta o 05.07.2017 co resultado dun cálculo do caudal de estiaxe de 0,005 m^3/s correspondente ao valor do caudal mínimo en réxime medio extrapolado a partir dos datos dispoñibles para a masa de auga ES.014.NR.208.000.02.00, río Vilacoba ou Manlle.

	Caudais mensuais Simpa Modificado (m3/s)											
	OCT	NOV	DEC	XAN	FEB	MAR	ABR	MAI	XUÑ	XULL	AGO	SET
MEDIO	0,026	0,042	0,054	0,062	0,045	0,039	0,027	0,022	0,011	0,006	0,005	0,008

  - Dentro das consideracións legais e técnicas, indican que, con independencia dos límites establecidos na vertedura, evitarase a afección incompatible co mantemento das condicións e usos do medio receptor, polo que se deberán cumprir os obxectivos medioambientais e normas de calidade ambiental en materia de calidade das augas establecidos na lexislación de referencia e que citan no mesmo informe.

    Teranse tamén en conta, se fora o caso, os condicionantes derivados das normas de aplicación como consecuencia da existencia de determinadas figuras de protección na zona de vertido.

    Establecen que se debe garantir que nas augas subterráneas non se superen os obxectivos medioambientais establecidos na lexislación vixente en materia de calidade das augas. Teranse en conta todos os factores, tanto en termos cuantitativos como cualitativos, e se prestará especial atención ao RD 1514/2009[10] e aos limiares establecidos no PHGC. Cita ademais o RD 140/2003[11] e outra normativa holandesa[12], como lexislación de referencia naqueles parámetros de augas subterráneas non contempladas na lexislación anterior.

  Unha vez visto a documentación citada nos antecedentes, apoiándose na información consultada no visor da DHGC e o recollido nos capítulos 5, 6 e 7 do PHGC, desde a Área de Calidade das Augas informan o seguinte:

  - O ámbito do proxecto, atópase dentro da conca do río Vilacoba ou río Manlle (código ES.014.NR.208.000.02.00).

  - En relación co medio receptor, o punto de vertido das augas residuais industriais de escorrenta depuradas atópase nun afluente do citado río Vilacoba ou río Manlle, denominado Agro de As Xestas (IDRIOPH:208004). O estado do tramo do río Vilacoba no que desemboca o regato valórase no PHGC como "bo ou mellor", ademais, existe unha zona protexida asociada á masa de

[9] Coordenadas UTM (X: 516.667, Y: 4.738.235) do sistema de referencia ETRS89, fuso 29N.

[10] Real Decreto 1514/2009, do 2 de outubro, polo que se regula a protección das augas subterráneas contra a contaminación e a deterioración.

[11] Real Decreto 140/2003, do 7 de febrero, polo que se establecen os criterios sanitarios da calidade da auga de consumo humano.

[12] *Soil Remediation Circular 2013. Groundwater target values, intervention values and indicate levels for serious contamination.*

auga citada, concretamente, a de zona de produción de moluscos denominada Estuario do río Tallara (código GAL 08/05).

Identifican tamén, augas abaixo do punto de confluencia do citado regato co río Vilacoba, unha zona de captación para abastecemento humano de tipo superficial denominada Alvariza (código de captación ES014ZCCM000000990), o cal, abastece a unha poboación de 6.716 habitantes cun caudal de 2.350,60 m^3/día.

Augas abaixo do punto de vertido, no río Vilacoba, atópanse as seguintes estacións de control:

Programas de control en zonas protexidas		
Subprograma de Control das Captacións de Auga Destinada a Consumo Humano		
CÓDIGO ESTACIÓN	*COORDENADA UTMX_ETRS89*	*COORDENADA UTMY_ETRS89*
14.RW.06.250	*511.701*	*4.737.811*

Programa de Control de Vixilancia	*CÓDIGO MASA*	*NOME MASA*	*CÓDIGO ESTACIÓN*	*UTM_X ETRS89*	*UTM_Y ETRS89*
Subprograma de Seguimento do Estado Xeral das Augas	*ES.014.NR.208.000.02.00*	*RÍO VILACOBA OU RÍO MANLLE*	*14.RW.06.250*	*511.160*	*4.737.372*
Subprograma de Control de Emisións ao Mar				*510.824*	*4.737.009*

- No que respecta ás augas subterráneas, o ámbito do proxecto atópase na masa de auga subterránea denominada Tambre (código: 014.007), cuxo estado cuantitativo e químico é valorado como "bo" no PHGC.

  A Área de Calidade das Augas destaca tamén que, o capítulo 7 do PHGC establece para a masa de auga subterránea onde se proxecta o Centro de Xestión Ambiental de Lousame, uns valores índice de contaminación para os parámetros NO_3 (Nitratos), NH_4 (Amonio) e Mn (Manganeso) (táboa 39). Así como uns valores límite dos principais parámetros e normas de calidade aplicadas para a valoración do estado químico das masas de auga subterránea (táboa 38).

Finalizan o seu informe cunha serie de conclusións:

- *Primeira.*

  Mencionan que tal e como se recolle no apartado 04.6 do Estudio de Impacto Ambiental (EsIA), e tal e como se grafía tamén no plano 08 "topografía do estado actual", existe un pequeno regato, para o cal, na documentación se afirma que a Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental solicitou unha canalización efectiva na zona onde este se ve afectado polo caballón exterior do vertedoiro. Contraditoriamente, obsérvase que dentro do inventario ambiental do EsIA, non se recolle a existencia de dito regato na parcela (no apartado 07.4.3 das augas superficiais continentais), polo que dito estudio estaría incompleto.

  O mencionado regato non aparece no visor da DHGC, no entanto, a definición de dominio público hidráulico recollida na normativa en materia de augas[13], inclúe as canles de correntes naturais, continuas ou descontinuas. Consecuentemente, lembran que calquera actividade e uso do solo que se pretendan desenvolver na zona de policía[14] deste regato ou de calquera outro que puidera existir, quedan sometidos ao establecido no artigo 9.1 do RDPH. Así mesmo, calquera

[13] Artigo 2. b) do Real Decreto Lexislativo 1/2001, do 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Augas; e artigo 2 do Real Decreto 849/1986, do 11 de abril, polo que se aproba o Regulamento do Dominio Público Hidráulico (RDPH).

[14] Segundo a definición recollida no artigo 6 do Real Decreto Lexislativo 1/2001, do 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Augas.

obra ou traballo que se pretenda desenvolver, precisará autorización administrativa previa do organismo de conca[15].

Tendo en conta o indicado, afirman que se pode deducir a existencia dunha incidencia do proxecto sobre cursos fluviais existentes, non valorada no estudio de impacto ambiental.

- *Segunda.*

Observan que na documentación aportada existen contradicións respecto da existencia de augas continentais subterráneas e acuíferos. No inventario ambiental do EsIA (apartado 07.4.4) non se recolle a súa existencia, mentres que no "Estudio Geológico, Geotecnico e Hidrogeológico", e na addenda do proxecto construtivo do vertedoiro, aparecen dúas fotografías co título "manantial perenne" e "manantial temporal", as cales non se localizan cunhas coordenadas concretas sobre o terreo.

Por outra banda, existen alegacións que citan a presencia de nacementos e captacións de auga para consumo humano nas proximidades, e a Dirección Xeral de Conservación da Natureza de data 23.01.2017, cita a presenza de mananciais na parcela, localizándoos cunhas coordenadas. Así mesmo, o informe do servizo de montes do 06.02.2017, cita que o distrito forestal sinala tamén a existencia dun punto de auga utilizado polas motobombas para a extinción de incendios, e o cal, podería verse afectado polas obras.

Do anterior, afirman que se pode deducir a existencia dunha incidencia do proxecto sobre as augas subterráneas existentes, non valorada no estudio de impacto ambiental.

- *Terceira.*

De acordo ao recollido na addenda, o caudal máximo de augas residuais industriais de escorrenta depurada durante a fase de explotación, é de 1,16 m^3/sg, o cal é moi superior aos caudais mensuais estimados no punto de vertido (incluídos dentro dos antecedentes do mesmo informe), e en especial ao caudal de estiaxe, que é de 0,005 m^3/sg. Consecuentemente, consideran necesaria unha estimación da concentración de tódolos parámetros do vertido que se alcanzaría no medio receptor augas abaixo da vertedura, tendo en conta como mínimo os caudais medios mensuais do rego Agro das Xestas, o caudal máximo de vertido, as concentracións do efluente de vertedura e a concentración augas arriba da vertedura.

Os resultados obtidos pódense contrastar cos valores límite correspondentes ao bo estado segundo o PHGC, tendo en conta que a normativa establece como obxectivo ambiental xeral alcanzar o "bo estado" nas masas de auga, sendo o rego Agro das Xestas un afluente do río Vilacoba.

Área de Calidade das Augas, engade que, **no caso de que se determine a non capacidade de admisión do vertido polo medio receptor, o titular debería realizar as modificacións precisas no sistema de tratamento do vertido para modificar as características deste, xa sexa de maneira cualitativa e/ou cuantitativa para subsanar esta situación, co fin de que permitan asegurar o cumprimento dos obxectivos medioambientais e normas de calidade ambiental no medio receptor, ou se non fose posible, buscar un/s punto/s alternativos/s de vertido que permita asegurar o cumprimento no medio receptor da citada normativa.**

- *Cuarta.*

En canto a posible afección ás augas subterráneas, ademais da correcta impermeabilización da nave de residuos e do vertedoiro, deberanse tomar as medidas protectoras e correctoras

[15] Artigos 9.4, 78 e 126 do RDPH

axeitadas para evitar os vertidos accidentais e evitar un impacto sobre as augas subterráneas conforme os criterios do PHGC. Neste senso, **obsérvase que o EsIA recolle un apartado para medidas correctoras (apartado 09), pero non para preventivas.**

- *Quinta.*

  En canto aos parámetros e frecuencia de análises nas augas superficiais e subterráneas, o **plan de vixilancia ambiental (apartado 10) do EsIA** recolle o especificado no Anexo III da Orde do 20 de xullo de 209 pola que se regula a construción e a xestión dos vertedoiros no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia. Do mesmo xeito, deberá poñerse en marcha unha rede de piezómetros que se axustará ao disposto na mesma orde. Neste senso, **completarase o EsIA coa localización dos piezómetros, diámetros e técnica de perforación, así como materiais e condicións de implantación.**

- *Final.*

  Conclúen que no estudio non queda suficientemente claras as medidas protectoras e correctoras previstas para evitar que se produza un impacto ambiental por contaminación das augas, polo cal faise necesaria a subsanación da documentación nos puntos citados anteriormente.

- Finalmente, respecto dos **vertidos,** e tras resumir o tratamento e destino descrito na documentación aportada dos lixiviados e augas de escorrenta, Augas de Galicia sinala que na actualidade se está a tramitar a autorización ambiental integrada a nome da Gestora de Residuos del Noroeste S.L., referida ao mesmo proxecto obxecto de estudio. Este procedemento leva implícita a autorización de vertido, na que se definirán as prescripcións a cumprir por parte do promotor das augas residuais de escorrega.

Como **conclusión** deste segundo informe, Augas de Galicia indica que se deberán aclarar as contradicións existentes respecto da existencia ou non dun cauce fluvial no ámbito do proxecto, e recolle as conclusións integradas no informe da súa Área de Calidade das Augas respecto das medidas preventivas e incidencia do proxecto nas augas subterráneas, a necesidade de modificar os parámetros do vertido das augas residuais industriais de escorrenta depurada, e a necesidade de definir unha rede de piezómetros para o seguimento ambiental no vertedoiro.

Simultaneamente, o órgano substantivo solicita novamente informe en materia de vertidos a Augas de Galicia. Recíbense na Subdirección Xeral de Avaliación Ambiental senllos informes con datas 26.07.2017 e o 28.02.2018, este último, tras o envío da documentación novamente emendada. No último deles, a área de vertidos do organismo de conca, refírese a unha serie de deficiencias que detectan no cálculo dos caudais de avenida e caudais máximos anuais de vertido.

– O **Laboratorio de Medio Ambiente**, respecto das emisións á atmosfera, indica que, de acordo co recollido no CAPCA 2010 do Real Decreto 100/2011, do 28 de xaneiro, polo que se actualiza o catálogo de actividades potencialmente contaminadoras da atmosfera e se establecen as disposicións básicas para súa aplicación, as actividades son potencialmente contaminadoras da atmosfera, e recolle os grupos e códigos correspondentes.

No tocante ao control de olores, indica que, no caso de que se xeren queixas veciñais, e previo estudo da documentación xustificativa destas que confirmen a existencia de episodios de olor, as emisións de olores da instalación reduciranse a efectos de que se respecten os niveis de inmisión (calidade do aire) de contaminación odorífera en aire, que se tomen como referencia das regulacións de ámbito internacional.

Respecto do control dos gases do vertedoiro, indica que se realizará segundo o recollido na Orde do 20 de xullo de 2009, pola gue se regula a construción e a xestión de vertedoiro no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

Por último, engade que o titular debe dar cumprimento ao Real Decreto 508/2007, do 20 de abril, polo que se regula a subministración de información sobre emisións do Regulamento E-PRTR e das autorizacións ambientais integradas, comunicando a información requirida anualmente vía telemática no rexistro galego PRTR de emisións REGADE Sección PRTR.

- A **Dirección Xeral do Patrimonio Cultural,** emite un primeiro informe onde se refire á existencia, no ámbito de afección do proxecto, de dous elementos: Gravados 1 e 2 das Brañas (GA15042REF1 e GA15042REF2). No entanto, para a emisión do informe solicitado, require a avaliación do impacto do proxecto sobre o patrimonio cultural realizada en base aos resultados da prospección arqueolóxica autorizada por esa Dirección Xeral o día 07.04.2016.

  O día 29.11.2016, remíteselle á Dirección Xeral do Patrimonio Cultural o Estudo de impacto sobre o patrimonio cultural de Centro de xestión ambiental en Lousame, e o 17.10.2017, recíbese na Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio un segundo informe emitido por esta Dirección Xeral.

  Neste último informe, reiteran e existencia de dúas rochas con gravados (As Brañas 1 e As Brañas 2) que se verán afectadas pola execución do proxecto ao atoparse, respectivamente, onde se executará a celda 7 no vaso, e a 15 m do lugar onde se instalará a balsa de pluviais. Destacan tamén que ningún dos dous gravados se atopa dentro da categoría da arte rupestre.

  Refírense ás medidas correctoras xerais e específicas propostas no estudo de impacto:

  - Prospección de cobertura total de todas as zonas afectadas pola remoción das terras.
  - Inspección exhaustiva e sistemática de perfís que queden visibles co desenvolvemento das obras.
  - Revisión e control dos xacementos inventariados, que inclúa unha nova actualización do seu estado de conservación.
  - As Brañas 1: escavación e limpeza do entorno.
  - As Brañas 2: Sinalización e balizamento.
  - Calco de As Brañas 1 e 2.

  Tendo en conta o expresado no devandito informe, e despois de ver os informes do Servizo de Arqueoloxía e do Servizo de Arquitectura e Etnografía, a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural conclúe informando favorablemente coa seguinte cautela arqueolóxica:

  - Deberá realizarse un control e seguimento arqueolóxico durante as fases de replanteo, de execución de obra e de restitución dos terreos, en todo o ámbito do proxecto. A tal fin o promotor presentará, para a súa autorización, un proxecto de intervención arqueolóxica axustado ao previsto na Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia, e no Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia. Dito proxecto incorporará as medidas correctoras recollidas no documento de referencia.

- O **Instituto de Estudos do Territorio**, respecto do estudo de impacto e integración paisaxística (EIIP), sinala que se axusta formalmente aos contidos establecidos no artigo 11 da Lei de 7/2008 do 7 de xullo, da paisaxe de Galicia. Se ben, recolle as seguintes recomendacións:

  - Prever a demolición da nave ao remate do uso.

- Realizar a revexetación, ademais de con especies herbáceas e de mato, con piñeiros e arborado autóctono como carballos e castiñeiros, que engadan un maior cromatismo á contorna resultante do proceso de restauración.

– A **Dirección Xeral de Ordenación Forestal** emite informe elaborado polo Servizo de Montes da Coruña no que se recolle que:

- No ámbito do estudo non existen montes catalogados nin de xestión pública, se ben a parcela linda cos montes veciñais en man común Colón e Fontefría.
- Polas características da explotación, son de esperar afeccións sobre os dous montes veciñais en man común adxacentes derivadas do necesario cumprimento da normativa de prevención de incendios forestais.
- Existe un punto de auga utilizado para extinción de incendios que, de resultar alterado o réxime de escorrega no entorno do proxecto, podería verse afectado polo proxecto.
- De acordo co artigo 21 da Lei 3/2007, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, ao redor dos depósitos de lixo situados a menos de 400 m do monte deberá xestionarse a biomasa vexetal de acordo co especificado na lei para as redes secundarias de faixas de xestión de biomasa. No caso de que se determine que a actividade proxectada é perigosa será de aplicación o punto 2 do artigo 21 da dita lei.
- Ao proxectarse a construción dunha nova edificación para uso industrial nunha zona de influencia forestal, será necesario cumprir tamén as especificacións contidas no artigo 23 da lei 3/2007, considerando que o concello de Lousame se atopa clasificado como zona de alto risco de incendio pola Orde de 18 de abril de 2007, pola que se zonifica o territorio en base ao risco espacial de incendio forestal.
- Os montes veciñais lindeiros co lugar do proxecto atópanse dedicados á produción forestal. De construírse o centro de residuos, estes montes experimentarían unha diminución da súa produtividade ocasionada pola necesidade de cumprir co artigo 21 da Lei 3/2007. O Distrito Forestal V estima que a perda de superficie produtiva podería ser de entre 1,43 e 2,39 ha para o monte Colón e de entre 0,27 e 0,45 ha para o monte de Fontefría.
- De acordo coa Lei 13/1989, de montes veciñais en man común de Galicia, a servidume sobre os montes veciñais en man común de Colón e de Fontefria ocasionada polo cumprimento da normativa de incendios esixe a previa declaración de utilidade pública ou interese social prevalentes aos dos propios montes veciñais.
- O risco de combustión espontánea que posúen algúns compoñentes do lixo almacenado debe ser tido en conta cara a prevención de posibles incendios forestais, sobre todo considerando o marcado carácter forestal da contorna e, en concreto, dos terreos lindeiros da parcela. Por esa razón, ademais do cumprimento da normativa sectorial de protección fronte a incendios forestais, será preciso contar cos sistemas de alarma e extinción que esixa a normativa industrial de aplicación.

– **Dirección Xeral do Patrimonio Natural**, en base á análise realizada polo Servizo de Conservación da Natureza, informa que:

- No ámbito do proxecto non se atoparían especies incluídas no Decreto 88/2007, do 19 de abril, polo que se regula o Catálogo galego de especies ameazadas.
- A parcela onde se situará o centro de xestión ten uso agroforestal, baseado na explotación dun bosque ralo de eucalipto que permite o pastoreo.

- Na finca hai mananciais de auga que brotan e descorren pola finca e que son aproveitados polo gando.
- A presenza das augas subterráneas implica unha elevada posibilidade de que reciban filtracións do vaso, co cal se podería ocasionar un claro impacto sobre as augas, afectando tanto aos puntos de abastecemento como ao couto de pesca de Traba e ao marisqueo na ría de Noia.
- A zona é unha das máis chuviosas de Galicia e que ademais conta cunha elevada cantidade de días de néboas.
- A imaxe da rede hidrográfica da zona de interese do Proxecto Básico de Solicitude de Autorización Ambiental Integrada que se amosa na páxina 149 non se corresponde coa da finca, sendo da zona da serra do Barbanza.
- Cando estea clausurado, o depósito elevarase case que 11,5 m de altura sobre o nivel do terreo actual, o cal suporá un impacto visual significativo.

En base ao recollido nos puntos anteriores, conclúen que non son de prever afeccións significativas directas ou indirectas aos ámbitos competenciais desa Dirección Xeral, sempre e cando se integren e desenvolvan os condicionantes establecidos na documentación de referencia e os seguintes:

- Deberá consultarse co organismo de cunca de se os mananciais e os leitos da parcela deben ser considerados como dominio público hidráulico.
- Realizarase unha correcta xestión dos lixiviados xerados para que estes non alcancen aos cursos fluviais sen unha calidade adecuada para o seu vertido ao medio fluvial.
- Evitarase infiltracións ás augas subterráneas mediante un adecuado illamento do vaso do centro de xestión ambiental.
- Tomaranse as medidas de seguridade necesarias para evitar derramos accidentais tanto na fase de construción como nas fases de explotación e clausura.
- Todas as augas que saian das zonas de instalacións das obras, derivaranse e someteranse a un sistema de desbaste e decantación de sólidos.
- Procederase a estabilización de noiros para evitar que os procesos erosivos provoquen desprendementos.
- Delimitarase correctamente o terreo a ocupar polos labores do proxecto, co fin de diminuír a perda innecesaria e a alteración de formacións vexetais polo tráfico de maquinaria. Esta medida de corrección é imprescindible e de carácter preventivo.
- As rozas, movementos de terras e outros traballos que puidesen prexudicar á fauna na súa época de cría, farase fóra de dito período, en xeneral, dos meses dende marzo a xuño.
- No caso de tala de vexetación, realizaranse as estritamente necesarias para a execución da obra, e coas autorizacións pertinentes.
- Durante a fase de obras, nos períodos de seca, procederase a humectación e/ou rega de materiais pulverulentos, así mesmo, os camións irán equipados con lonas ou toldos durante o transporte de material.
- Queda prohibida a queima de restos ou calquera tipo de materia procedente da obra sen o oportuno permiso.
- Evitarase depositar residuos ou produtos sólidos en zonas onde as escorrentas produzan arrastres aos cursos fluviais coa conseguinte contaminación de augas continentais.

- Dada a importancia do solo vexetal, por conter as características da zona, utilizarase na recuperación de zonas degradadas. Polo que se establecerá unha adecuada recollida, almacenamento, conservación e/ou xestión da terra vexetal afectada polas obras.
- Durante a execución dos traballos terase especial coidado en evitar fugas de formigóns e cementos ás augas, non se debe permitir que as formigoneiras se desfagan do sobrante de formigón, nin que limpen o contido das cubas, nin as ferramentas nas proximidades de correntes de auga por moi pequenas que estas sexan.
- Dotaranse de formas naturais ás superficies revexetadas, minimizando a necesidade de noiros e terrapléns.
- Tendo en conta que este tipo de actuacións leva implícito movementos de terras, deberá terse en conta a posibilidade de introdución ou dispersión daquelas especies exóticas invasoras que aparecen recollidas no Real Decreto 630/2013, de 2 de agosto, polo que se regula o Catálogo español de especies exóticas e invasoras. A este respecto, estableceranse medidas que eviten calquera posibilidade de introdución ou dispersión de especies exóticas invasoras, debendo tamén estar recollido dentro do Programa de vixilancia ambiental. No caso de observarse, dentro deste programa, a presenza ou dispersión de especies exóticas invasoras recollidas neste real decreto, procederase ao seu control e eliminación de xeito efectivo.

– A **Dirección Xeral de Saúde Pública** non considera necesario facer alegacións sempre e cando se teñan en conta os seguintes aspectos:

- Nas instalacións auxiliares con capacidades para xerar efluentes, caso de parques de maquinaria, aseos ou vestiarios para o persoal e/ou similares, deberá terse en conta que a auga de abastecemento ten que ser apta para o consumo humano segundo o establecido no Real Decreto 140/2003, do 7 de febreiro, polo que se establecen os criterios sanitarios da calidade da auga de consumo humano.
- O sistema de auga quente sanitaria deberá cumprir os requisitos establecidos no Real Decreto 865/2003, do 4 de xullo, polo que se establecen os criterios hixiénico-sanitarios para a prevención e o control da lexionelosis.

– O **Servizo de Administración Industrial** da Consellería de Economía, Emprego e Industria emite un primeiro informe no que recolle as seguintes consideracións:

- As instalacións suxeitas a regulamentos de seguridade industrial reflectidas, de ser o caso, na documentación asociada ao expediente de referencia (instalacións eléctricas de baixa tensión, instalacións eléctricas de alta tensión (CT 160 kVA, LMT 20 KV); instalacións térmicas; instalación de protección contra incendios,...), deberán estar debidamente inscritas ou autorizadas, segundo corresponda. Ditas instalacións someteranse, ademais, ás correspondentes inspeccións e/ou revisións iniciais e periódicas que sexan de aplicación.
- A empresa deberá levar a cabo un mantemento rigoroso dos equipos e instalacións, polo que o titular deberá acreditar, de ser o caso, que as revisións, probas, verificacións periódicas ou ocasionais indicadas polos regulamentos de seguridade aplicables ás instalacións suxeitas á regulamentación específica coas que conta o establecemento, foron realizadas en tempo e forma. Así mesmo, deberá manifestar se se realizaron ampliacións ou modificacións que alteren as condicións de seguridade iniciais.
- Para asegurar que os medios contra incendios -activos e pasivos- operan correctamente, o establecemento estará suxeito á realización das pertinentes revisións e inspeccións prescritas pola normativa sectorial de aplicación, particularmente o Real Decreto 1942/1993, de 5 de novembro,

polo que se aproba o Regulamento de instalacións de protección contra incendios e o Real Decreto 2267/2004, de 3 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de seguridade contra incendios nos establecementos industriais.

- Con respecto a lexislación en materia de accidentes graves, a Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria non ten recibido notificación previa -segundo estipula o artigo 7 do Real Decreto 840/2015, do 21 de setembro, polo que se aproban medidas de control dos riscos inherentes aos accidentes graves nos que interveñan substancias perigosas-, polo cal entende que non se atopa afectado por dita normativa reguladora.

  De todos os xeitos, e dada a natureza da actividade do establecemento de referencia, considera necesario que se requira ao industrial unha argumentación da NON APLICACIÓN da devandita normativa reguladora.

- No caso de que se detectasen anomalías no funcionamento da unidade así como incumprimentos da lexislación de seguridade industrial de aplicación que puideran repercutir nas emisións atmosféricas e no nivel de presión sonora, de xeito que estas superasen os niveis permitidos, ou que poidan afectar ao funcionamento da rede de saneamento; procederase á determinación inmediata da orixe do problema e, no caso de persistir, paralizarase a actividade causante da anomalía.

Posteriormente, o Servizo de Administración Industrial emite un informe complementario no que se reiteraba que, dada a natureza da actividade do establecemento, se requirira ao industrial unha argumentación da non aplicación da normativa reguladora en materia de accidentes graves.

Tras a achega dun informe presentado polo promotor no que se xustificaba a NON APLICACIÓN do Real Decreto 840/2015, do 21 de setembro, polo que se aproban medidas de control dos riscos inherentes aos accidentes graves nos que interveñan substancias perigosas, o Servizo de Administración Industrial emite un terceiro informe no que sinala que o informe achegado non é válido por carecer de identificación e sinatura do técnico competente.

- A **Subdirección Xeral de Residuos** recolle os criterios xerais de localización das instalación de tratamento de residuos e os criterios específicos para vertedoiro, segundo o contemplado polo Plan de Xestión de Residuos Industriais de Galicia 2016-2022 (PRIGA).

  Sinala ademais, que existen en Galicia outros 5 vertedoiros da mesma tipoloxía que o proposto e que teñen unha vida útil de 14 anos, estando sobredimensionada a capacidade para eliminar residuos dentro da comunidade. Recolle que, en base ao PRIGA, non será posible autorizar máis vertedoiros de residuos non perigosos dos que se atopen en tramitación, que en función do tipo de residuos terán os seguintes prazos:

  - Residuos de rexeite das planta de RCD, ata que a capacidade restante sexa igual ou inferior a 117.637 t (actualmente establecida en 979.905 t)
  - Resto de residuos non perigosos, ata que a capacidade restante sexa igual ou inferior a 577.253 t (actualmente establecida en 1.806.147 t).

  Conclúe que, en tanto que a tramitación do vertedoiro proxectado comezou con anterioridade a aprobación do PRIGA, non sería de aplicación a restrición indicada.

- O **Concello de Lousame** emite un primeiro informe elaborado polo arquitecto técnico municipal no que, tras realizar unha fonda análise da documentación do proxecto, conclúe que esta ten "carencias substanciais", e inclúe as seguintes consideracións:

  - O uso previsto polo proxecto está dentro dos previstos pola normativa urbanística pero que non se tivo en conta coa necesaria preocupación. Trátase dun punto de implantación que en caso de fallo da impermeabilización do vaso ou de accidente se poría en risco a saúde dunha conca hidrográfica

que abastece de auga a unha poboación de 15.000 persoas directamente e a un entorno LIC incluído como tal na Rede Natura 2000.

- Existen incompatibilidades co artigo 39 da LSG[16] que seguramente carrexarán modificacións substanciais do proxecto, polo que esta información pública da solicitude de autorización ambiental integrada podería ter que repetirse unha vez modificado o proxecto.
- A parcela onde se emprazará o proxecto non conta con abastecemento municipal de auga, polo que será necesario solicitar autorización de Augas de Galicia para unha captación.
- Non é axeitado o sistema de evacuación da recollida das augas pluviais, nin o mantemento da balsa de augas pluviais durante a vida útil do vertedoiro e tras a súa clausura.
- A rede de saneamento non está correctamente dimensionada nin se ten solicitado autorización de vertido da fosa séptica necesaria para atender a poboación de traballadores do centro de xestión ambiental.
- Falta total de medidas de seguridade correctoras ante un posible vertido por fallo dalgunha das balsas, bombas, colectores ou selado do fondo do vaso durante a vida útil do vertedoiro ou posterior selado. So se establece unha rede de vixilancia e control que constataría a contaminación pero non a resolvería.
- Non existe medida algunha tendente a buscar "aquelas medidas, condicións ou limitacións tendentes a conseguir a menor ocupación territorial e a mellor protección da paisaxe" esixidas pola LSG. Só se busca o máximo aproveitamento da finca e non se centra no propio impacto á paisaxe, senón que da por suposto que ao existir un vertedoiro próximo xa deixa de existir impacto co vertedoiro proxectado.
- A numerosa lista de residuos que se aceptarán no vertedoiro poden desprender un forte olor, sen que existan medidas para paliar os olores desprendidos do vaso do vertedoiro.
- A alteración do relevo natural dos terreos é a máxima que permite a técnica construtiva dentro dos límites de estabilidade dos materiais usados para pechar o perímetro do vaso e a pendente máxima de seguridade do selado do mesmo. Isto contradí o artigo 39.c da LSG, que esixe que se busque "a mínima alteración do relevo natural dos terreos".
- A altura máxima da nave excede da máxima permitida, e non existe xustificación para tal exceso.
- Non se ten en conta de ningún xeito a mínima alteración da topografía natural dos terreos manifestándoo claramente nos perfís da sección do proxecto construtivo nos que se pode comparar a rasante natural do terreo coa rasante final tras a construción e selado do vaso do vertedoiro.
- A xustificación do mantemento do estado natural dos terreos non existe.
- Non parece terse estudado a flora e fauna da zona do vertedoiro nin as posibles implicacións que carrexe, sobre todo, para a fauna concreta da zona.
- Non se contempla a existencia de captación de augas nos arredores, e non están estudadas as consecuencias de verter tanto as augas pluviais como a recollida das subterráneas en puntos concretos sen garantir que as escorregas provocadas por esas acumulacións de auga non prexudiquen aos predios lindeiros, aos cursos de auga natural ou aos mananciais veciñais, e que non produzan escorregas que xeren erosión nos terreos ladeira abaixo.

[16] Lei 2/2016, do 10 de febrero, do solo de Galicia

- O amoreamento da terra vexetal que retirará da superficie da finca afectada polas obras, de 130.000 m^2 de superficie, estimase que será de 78.000 m^3 sen que se tome ningunha medida concreta, polo que en caso de escorrega pola elevada pendente do terreo, prexudicarían notablemente o entorno no que se atopan, podendo afectar ao regatos próximos e aos mananciais de onde se serven os veciños para obter auga potable.

Nun segundo informe, o Concello achega un documento titulado "Informe de supervisión y auditoría ambiental de la documentación relativa al centro de gestión ambiental de Lousame". Este documento recolle unha serie de supostas deficiencias ou incorreccións que foron detectadas nalgúns dos elementos construtivos da instalación, así como aqueles factores ambientais que considera que non foron definidos correctamente, ou ben que non foron tidos en consideración, e que estima que poderían supoñer unha afección relevante para o medio ambiente. Os aspectos sobre os que o estudo detectou estas carencias e incorreccións son os relativos a: xestión das augas, augas subterráneas, afección ás captacións de auga, calidade do aire, emisións sonoras, solo, estabilidade do vertedoiro, vexetación e fauna, espazos protexidos, paisaxe, e mellores técnicas dispoñibles (MTD).

O día 19.04.2017, solicítase ao Concello de Lousame que emita informe sobre a adecuación da instalación a todos aqueles aspectos que sexan de competencia municipal en materia de medio ambiente, para o cal, remíteselle a documentación complementaria presentada polo promotor do proxecto, o contido dos informes dos organismos consultados e as alegacións presentadas durante o período de información pública. O día 8.06.2017, recíbese na Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio o informe solicitado.

Neste novo informe, o Concello reitera maioritariamente o contido do "Informe de supervisión y auditoría ambiental de la documentación relativa al centro de gestión ambiental de Lousame", presentado polo Concello en xaneiro de 2017, ao considerar que na nova documentación aportada non se fixeron os cambios necesarios nos elementos construtivos do vertedoiro. Inclúense a continuación algúns dos aspectos que se consideran máis relevantes:

- Indican que os datos de tipoloxía, capacidades e os listados de códigos LER recollidos na addenda á solicitude de AAI, refírense unicamente aos **residuos** que se van a recibir e almacenar, non aos que se van a depositar no vertedoiro.
- En base á definición recollida no PXOM do concello para o **Solo rústico de protección de augas** (SRPA), afirman que, aínda que dentro do ámbito do proxecto non se atope grafitada ningunha superficie como tal e tendo en conta as diferentes testemuñas respecto da existencia de mananciais e regatos dentro do ámbito, si que existe unha protección nos 25 m inmediatos aos cauces en ámbalas dúas marxes. Polo tanto, unha gran parte do terreo onde se pretende a instalación do vertedoiro é obxecto de protección por atoparse incluída dentro da zona de DPH.
- En relación á **xestión das augas**, afirman que o promotor non responde á maioría dos puntos desfavorables do informe que presentaron anteriormente, entre os que se destacan os seguintes:
  - En canto as augas residuais, encontran deficiencias na xestión que se vai a realizar das augas do entorno da zona de almacenamento de residuos perigosos, no cálculo dos caudais e o tratamento dos lixiviados xerados nas praias e na fosa séptica proposta.
  - Respecto dos **lixiviados do vertedoiro**, advirten dos desbordamentos que podería provocar a auga de chuvia nas balsas proxectadas, detectan deficiencias na solución técnica dos pozos de bombeo así como no custo, retirada e xestión dos lixiviados.
  - Formulan tamén dúbidas respecto da garantía da impermeabilidade dos pozos de bombeo e reiteran novamente o recollido no Informe de Supervisión e Auditoría Ambiental respecto da rede de captación de **augas subterráneas**, concretamente, respecto da instalación e custo das

tubaxes de PEAD200, da decisión de demorar a impermeabilización do vaso de vertedura e da localización do punto de vertido das augas pluviais e subterráneas. Tampouco consideran suficientes as medidas correctoras e preventivas propostas para evitar a contaminación das augas subterráneas.

- No tocante á **xestión das augas pluviais**, non están de acordo coa suficiencia do tratamento previsto (separador de hidrocarburos), consideran erróneo o cálculo dos caudais de dimensionamento das instalacións de augas pluviais e non dan por válido o deseño da balsa de decantación.
- Despois de revisar as alegacións presentadas e os informes sectoriais, concretamente os do Servizo de Montes e a Dirección Xeral de Patrimonio Natural, entenden que queda demostrada a existencia de varios **mananciais** dentro do ámbito do proxecto. Consideran indispensable a realización dun estudio específico dos mananciais detectados e establecer as actuacións necesarias para evitar o seu risco de contaminación.
- En canto ao estudio da afección á **calidade do aire**, non se consideraron nin valoraron os efectos producidos pola emisión de gases, xeración de cheiros, e voaduras previstas na fase de explotación.
- Para evitar os efectos sobre o **solo**, consideran necesario establecer un rigoroso control de calidade da impermeabilización do fondo do vaso, e presentar un estudio específico que defina o volume de terras que se pretende acopiar e propoña as medidas preventivas necesarias para evitar que a terra acopiada sature ás cunetas perimetrais ou incluso chegue a fluír ladeira abaixo.
- Reiteran o risco de afectar ao marisqueo na ría de Noia no caso de producirse filtracións no vaso de vertedura.
- No que respecta á **paisaxe**, na fase de clausura, desaconsellan a plantación de carballos e castiñeiros sobre a superficie sellada polo risco de perforación da lámina de impermeabilización, debendo, no seu caso, de aumentar en polo menos 1 metro o espesor da capa de terra vexetal. Ademais, tamén destacan que a construción do vaso de vertedura suporá unha alteración da morfoloxía natural do terreo, dubidan da mimetización da actuación e consideran non efectivas as pantallas vexetais propostas. A pesar das medidas de integración propostas, a infraestrutura seguirá sendo visible dende diversos núcleos de poboación e o Miradoiro de Monte Culou.
- Identifican unha serie de deficiencias no cálculo da estabilidade do **vaso de vertedura** que poñen en risco a súa estabilidade.
- Reiteran a afirmación de que a **distancia aos núcleos de poboación** máis próximos (Fontefría e Cedofeito), é inferior aos 1.000 m recollidos no desenvolvemento técnico do RD 1841/2001, de 21 de decembro, polo que se regula a eliminación de residuos mediante depósito en vertedoiro.
- Reiteran de novo o recollido no Informe de Supervisión en canto que non se consideran como **mellores técnicas dispoñibles** (MTD) as referidas ao drenaxe de pluviais e de augas residuais, xestión e tratamento das augas sanitarias e as referidas ao tratamento de xestión do lixiviado (que non existe).
- Propoñen o establecemento dun **Plan de Vixilancia e Control Ambiental** durante a fase de explotación e definen unha serie de consideracións a ter en conta en relación coa obtención de datos meteorolóxicos, a afección á atmosfera, o solo, as augas superficiais, as augas subterráneas, o control de lixiviados, o control da estabilidade, a fauna, a paisaxe e as infraestruturas viarias.

- Sinalan tamén unha serie de incorreccións que detectan no **estudio económico** presentado pola promotora, entre outras, destacan que non se tiveran en conta as actuacións adicionais derivadas da documentación complementaria presentada en resposta aos distintos organismos.

  Ao longo de todo o documento, sinalan tamén unha serie de custos que non foron tomados en conta, e que polo tanto, afectarían ao plan de viabilidade presentado, podendo ter como consecuencia a perda de rendibilidade e o abandono das instalacións por quebra económica da empresa xestora.

- Finalmente, destacan que non existe un apartado específico no relativo ao **cumprimento da nova LSG** e do regulamento da mesma[17], e que polo tanto, non se pode precisar o cumprimento da proposta.

– A **Federación Ecoloxista Galega** realiza as seguintes consideracións:

  - En relación ás políticas de tratamento de residuos sinala que o proxecto amosa a preferencia da Xunta de Galicia polo vertido como opción prioritaria, xunto coa incineración, para o tratamento dos residuos, subvertendo a xerarquía de tratamento e incumprindo nada menos que 3 Directivas europeas (de Vertido, de Envases e Marco de Residuos).

  - En canto ao valor ambiental da parcela onde se emprazará o vertedoiro destaca os seguintes aspectos:

    - Existencia de indicios claros de presenza do hábitat de interese Comunitario prioritario 4020 Queirogais húmidos atlánticos de zonas temperadas de *Erica ciliaris* e *Erica tetralix.*

    - Presenza dunha braña con ata seis nacentes, depósitos higroturbosos e materiais fracturados de elevada permeabilidade.

    - Existencia de exemplares de acivro (*Ilex aquifolium*) de gran porte e singulares características.

    - Presenza en todo o val do rego da Fonte Cavada de lobo ibérico (*Canis lupus signatus*), xabaril (*Sus scrafa scrofa*) e porco teixo (*Meles meles*), entre outros mamíferos; anfibios como a sabanduxa (*Lisootriton boscai*) e a ra patilonga (*Rana iberica*)*; e réptiles como a lagarta da serra (*Iberolacerta monticola*).

  - No tocante á importancia ecosistémica da parcela sinala que esta é unha reserva natural, que recolle as augas na parte máis alta permitindo a súa infiltración no terreo e abastecendo as nacentes que brotan, tanto na propia parcela, como nas ladeiras do val. Indica que estas nacentes proporcionan a auga para consumo humano na aldea do Mirón e nutren a varios regos que, río abaixo, subministran tamén a captación para a vila de Noia.

    Estima tamén que as características reais da zona na que se pretende situar o proxecto, a fan totalmente inadecuada para un vertedoiro destas características, representando un risco elevado e innecesario, tanto desde o punto de vista ambiental e ecosistémico como de seguridade e saúde ambiental para as poboacións da contorna.

    Recolle que a localización non é válida a vista dos requisitos que marca o Real Decreto 1481/2001, do 27 de decembro, polo que se regula a eliminación de residuos mediante depósito en vertedoiro, e no Plan de Xestión de Residuos Industriais de Galicia (2016-2022).

[17] Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia

Respecto da natureza urbanística indica que, segundo o PXOM de Lousame, o solo é "Solo Rústico de Especial Protección Forestal en zonas de recuperación da diversidade biolóxica e produtiva" e, conforme a LSG, non é apropiado para unha instalación deste tipo.

- En canto ao impacto paisaxístico, destaca a afectación paisaxística a varias zonas designadas como Lugares de Especial Interese Paisaxístico ("Miradoiro natural sobre a Ría de Muros-Noia" e "Val do Río Vilacova"), e ao trazado do Camiño de Santiago Inglés.

Para rematar, solicita que se teña en consideración no procedemento o informe achegado, segundo o cal, a Federación Ecoloxista Galega informa desfavorablemente o proxecto de Centro de Xestión Ambiental de Lousame obxecto do trámite de avaliación de impacto ambiental con clave 2015-1PPC-I-82.

- A **Asociación Galega Cova Crea** presenta unha alegación na que considera que a documentación do proxecto non recolle axeitadamente a realidade ambiental, especialmente no tocante ás afeccións aos cursos de auga presentes no ámbito.

  Solicita a desestimación total do proxecto presentado por considerar que a empresa promotora alterou as canles na documentación presentada co fin de diminuír a presenza de regos, regatos na finca afectada polo proxecto. Por outra banda, sinala que faltan as medidas compensatorias non previstas no proxecto e si preceptivas pola normativa ambiental.

- A asociación **Verdegaia**, por unha banda, alega que o proxecto está formulado en base a datos falseados, erróneos ou insuficientes, mapas manipulados, incongruencias e ocultación de información. Por outra banda, considera que o ditame do Servizo de Sanidade Ambiental pretende lexitimar un proxecto que pode representar un enorme impacto sobre a poboación e un risco grave para a saúde humana sen atender ao fondo da cuestión formulada pola Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental. Por todo o exposto, solicita:

  - Que se investigue e se deslinden responsabilidades na elaboración e remisión do informe Servizo de Sanidade Ambiental, por unha presunta actuación gravemente neglixente e/ou dolosa; iniciándose a tal fin o expediente oportuno.
  - Que se esixa a elaboración dun novo informe fundamentado nunha real e exhaustiva investigación de impacto sobre posibles riscos para a saúde humana e sobre a poboación do proxecto con clave de expediente 2015-IPPC-I-82.

- A **Asociación de Afectados polo Vertedoiro de Residuos Lesta**, representada por Dona Alexia del Río García, solicita ser parte interesada.

- A **Asociación Arco Iris** solicita arquivar o expediente do proxecto porque estima que a súa tramitación supón a presunta comisión polas persoas legalmente competentes para a autorización e información do vertedoiro de varios ilícitos penais, entre eles o do artigo 329 do vixente código penal.

- O **Grupo Político Municipal do Partido da Terra de Lousame** presenta dúas alegacións nas que, tras unha exposición de feitos, solicita:

  - Que o Grupo Político Municipal do Partido da Terra de Lousame sexa recoñecido como parte interesada no procedemento administrativo 2015-IPPC-I-82.
  - Que o período de información pública sexa ampliado por outros 30 días e, en todo caso, ata a resolución do expediente N.7.Q/63713/16 da Valedora do Pobo ou ata que o Concello de Lousame facilite a información necesaria para a documentación das alegacións.
  - Que se notifique a ese Grupo Político Municipal cando se incorpore ao expediente que obra no Servizo de Prevención e Control Integrados da Contaminación, o Informe do Concello de Lousame

solicitado en escrito do 22 de agosto de 2016, relativo ás competencias municipais en materia ambiental e de control da contaminación.

- Que se requira á empresa titular do proxecto Gestora de Residuos del Noroeste S.L. incorporar ao expediente 2015-IPPC-I-82 o Informe Urbanístico emitido polo Arquitecto técnico municipal de Lousame o 28 de agosto de 2015, xustificando porqué este non foi incorporado no Proxecto Básico datado en marzo de 2016.
- Que se requira ao Concello de Lousame copia íntegra do expediente de concesión municipal á empresa Staff Medioambiente XXI, S.L. e que este sexa incorporado ao expediente do procedemento 2015-IPPC-I-82.
- Que se incoe expediente sancionador contra a mercantil Gestora de Residuos del Noroeste, S.L. por infracción administrativa.
- Que, á vista do Informe Urbanístico de 18.10.2016, este sexa considerado como negativo á vista do proxecto obxecto de trámite de AAI, e que, en consecuencia, o Servizo da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático emita resolución poñendo fin ao procedemento e arquivando as actuacións.

– O **Sindicato Labrego Galego**, a asociación **Verdegaia**, a **Comunidade Monte Veciñal Colón de Mirón**, e a **Plataforma contra o novo vertedoiro de residuos industriais en Lousame,** presentan un conxunto de alegacións de igual contido, relativas á documentación do proxecto en aspectos tales como a ausencia dun estudo de patrimonio, a existencia de deficiencias na xestión dos lixiviados, ou unha serie de impactos negativos que detectan que o vertedoiro terá sobre a sociedade, as canles fluviais ou ao tecor de caza "Nimo-Colón".

  Os alegantes solicitan que se lles teñan en conta como parte interesada no procedemento, mostrando o seu rexeite e propoñendo que o expediente sexa arquivado.

– A **Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza** considera que o proxecto incumpre os principios e criterios de diversa normativa (Directiva 2008/98/CE do Parlamento e do Consello do 19 de novembro de 2008 sobre os residuos, Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminados, Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia, Plan de residuos industriais de Galicia), polo que solicita a denegación da solicitude de autorización ambiental das instalacións do Centro de xestión ambiental de Lousame, promovido por Gestora de Residuos del Noroeste, SL, no Concello de Lousame (A Coruña), código 2015-IPPC-I-82.

– A **Asociación Turístico Comarcal Ría de Muros e Noia**, a **Asociación Galega do Camiño de Santiago Inglés sa Ría de Muros e Noia,** realizan una serie de alegacións relativas á omisión do Camiño de Santiago inglés pola ría de Muros e Noia, ao impacto sobre áreas e lugares de interese turístico paisaxístico, á ausencia dun estudo arqueolóxico e impacto sobre o patrimonio e á afección ao xeodestino turístico ría de Muros e Noia; solicitando:

  - Que se consideren presentadas as alegacións formuladas.
  - Que as entidades solicitantes sexan recoñecidas como parta interesada en dito expediente 2015-IPPC- I-82, ao abeiro do artigo 31 da Lei 30/1992 de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e de Procedemento Administrativo Común e se lle notifique os trámites que se sigan.
  - Que á vista do Art. 76.3 e Art. 78 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, se denegue a autorización ao proxecto.
  - Que se paralice o trámite de avaliación ambiental mentres non sexa incorporado ao mesmo o preceptivo Estudo de Impacto sobre o Patrimonio.

- Que, ademais do preceptivo Informe da Dirección Xeral do Patrimonio, a Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental solicite ao Consello da Cultura Galega, dentro das atribucións que lle confire o marco legal vixente, un informe sobre a afección do proxecto en trámite de avaliación ambiental ao trazado do Camiño de Santiago Inglés da Ría de Muros e Noia.
- Que á vista da afectación do Camiño de Santiago Inglés pola Ría de Muros-Noia e o Miradoiro de Monte Colon, a Secretaría Xeral para o Turismo elabore e faga público un informe sobre o impacto económico do proxecto sobre o turismo, actual e futuro.

– O particular **Don Fernando Ferreiro Villar**, presenta unha alegación na que recolle aquelas afeccións que considera que o proxecto terá sobre o TECOR societario "Nimo-Colon", e solicita:

- Que se consideren presentadas as alegacións formuladas.
- Que o solicitante sexa recoñecido como parta interesada.
- Que se desestime a solicitude de autorización ambiental integrada á mercantil Gestora de Residuos del Noroeste, S.L.

– A particular **Dona Luz María Sambade Roo** realiza unha serie de consideracións ao proxecto relativas á finalidade do proxecto, ao tipo de residuos que se pretenden xestionar, á proximidade doutros vertedoiros, á presenza de núcleos de poboación próximos á parcela, ao risco de contaminación das augas, á contaminación atmosférica e ao impacto sonoro da actividade, ao proceso de explotación do vertedoiro e ás balsas de lixiviados, á falta de información relativa a actividade a desenvolver na nave de valorización, á capacidade de almacenamento de residuos perigosos; e ao impacto paisaxístico e ambiental. Por último, solicita que non se outorgue autorización para a construción do Centro de xestión de Lousame.

– A particular **Dona María Dolores Bouzas Calvo**, tras realizar unha exposición de motivos, solicita que sexa denegada a autorización ambiental integrada ao proxecto de instalacións do centro de xestión ambiental de Lousame, promovido por Gestora de Residuos del Noroeste, S.L., no concello de Lousame (A Coruña), Clave 2015-IPC-1-82.

– A **Sociedade Histórica e Cultural Coluna Sanfíns** presentación unha alegación relativa ao Estudo de Impacto e Integración Paisaxística (EIIP) por considerar que:

- Non foron incluídos dous Lugares de Especial Interese Paisaxístico (LEIP): a Área de Especial Interese Paisaxístico AEIP_08_03 de San Xusto e o LEIP "Miradoiro natural sobre a Ría de Muros-Noia".
- Non foi incluído un hábitat de interese comunitario prioritario afectado polo proxecto.
- Non foi incluído un Estudo de Impacto sobre o Patrimonio.
- En relación ao informe emitido polo Instituto de Estudos do Territorio considera que o EIIP non cumpre co establecido na letra c) do artigo 11.2 da Lei de 7/2008 do 7 de xullo, da paisaxe de Galicia.

Para rematar solicita:

- Que sexan consideradas como presentadas en tempo e forma as alegacións feitas pola Sociedade Histórica e Cultural Coluna Sanfins en relación ao proceso 2015-IPPC-I-82.
- Que se recoñeza expresamente á Sociedade Histórica e Cultural Coluna Sanfins como parte interesada con interese lexítimo no citado e que lle sexan notificados cada un dos trámites que teñan lugar a partir da data de entrada deste escrito.

- Que, en vista das alegacións presentadas, se declare como inválido o Estudo de Impacto e Integración Paisaxística e se denegue a solicitude de autorización ambiental integrada á mercantil Gestora de Residuos del Noroeste S.L.
- Que se solicite ao Instituto de Estudos do Territorio a revisión do seu Informe preliminar sobre a idoneidade do Estudo de Impacto e Integración Paisaxística e a emisión dun Informe definitivo que teña en conta as afectacións aquí descritas

– Os particulares **D. Alfredo Suárez Vinagre** e **Dona María Paz Calvo** consideran que o proxecto vai producir importantes afeccións no medio ambiente e na saúde dos veciños, polo que solicita que sexa rexeitada a autorización ambiental integrada ao proxecto de instalacións do centro de xestión ambiental de Lousame, promovido por Gestora de Residuos del Noroeste, S.L., no concello de Lousame (A Coruña), Clave 2015-IPC-1-82.

– A **Confraría de Pescadores San Bartolomé de Noia** considera que o proxecto vai producir un impacto ambiental sobre a calidade das augas e do substrato da bacía, que afectaría a produción marisqueira, principalmente polos lixiviados que produciría a planta.

– Os **Concellos de Brión, Rois e Frades**, remiten certificacións de acordos plenarios adoptados nos que se acordou opoñerse á instalación do centro de xestión ambiental de Lousame.

– O particular **Don Antonio Moure Muñíz**, tras identificar unha serie de deficiencias na documentación do proxecto e considerando que este terá importantes afeccións ao medio ambiente, solicita ao órgano ambiental a emisión dunha avaliación ambiental desfavorable e a denegación do proxecto por non recoller os principios básicos de avaliación e protección ambiental nin a estratexia inmediata de xestión dos residuos por parte da Xunta de Galicia.

– O **Grupo Parlamentario de En Marea**, representado polo deputado Antón Sánchez García, presenta unha serie de alegacións sobre o modelo de xestión de residuos, o risco de contaminación da rede fluvial, o risco das explotacións agrogandeiras da zona, o risco á saúde das persoas e por contradicións coa normativa comunitaria.

– O **Concello de Muros** solicita ser considerado parte interesada, así como o acceso ao expediente.

– A **Deputación da Coruña** manifesta o seu rexeitamento á instalación do vertedoiro de residuos industriais en Lousame por carecer de garantías ambientais e non atender ás necesidades reais da Comunidade Autónoma de Galicia. Sinala que ofrecerá os servizos de asistencia xurídica e técnica aos concellos afectados, concretamente para o estudo sobre o impacto medioambiental que poda causar o proxecto sobre as augas do río Vilacoba. Por último, solicita a esta Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio que amplíe o prazo para presentar alegacións ao proxecto.

– O **Concello de Poio** achega certificación do Pleno do Concello do 29.11.2016 polo que se aproba a Moción presentada polo Grupo Municipal do BNG de oposición ao centro de xestión de Lousame, promovido pola empresa Gestora de Residuos del Noroeste, S.L., por lesivo para o medio ambiente, así como para os intereses xerais do concello.

3 Análise técnica do proxecto

Unha vez realizada a análise da documentación aportada, tendo en conta os resultados do proceso de información pública e consultas, este Servizo de Avaliación Ambiental de Proxectos formula as seguintes condicións, que complementan, matizan ou subliñan as incluídas no EsIA e a restante documentación avaliada.

3.1 Afeccións do proxecto sobre as variables ambientais

3.1.1 Ciclo hídrico

O ámbito de actuación localízase sobre a masa de auga subterránea denominada Tambre, cuxo estado químico e cuantitativo é considerado como bo, e para a cal, o PHGC establece uns valores índice de contaminación que non deberían ser superados para asegurar a calidade das augas. A documentación aportada polo promotor contradise respecto da existencia tanto de mananciais como de cursos fluviais no ámbito do proxecto. Unha vez analizados os informes sectoriais e segundo a información recabada por este Servizo, constátase a existencia de varios mananciais que brotan e discorren pola finca. O EsIA **non contempla nin valora a incidencia directa que se producirá sobre as canles e mananciais existentes** no terreo obxecto do proxecto nin as consecuencias que a súa afectación podería ter na calidade das augas dos mananciais e as captacións existentes para o abastecemento humano dentro da mesma conca hidrolóxica.

Respecto das **augas de escorrenta**, as procedentes das celas do vertedoiro, da plataforma da nave, da zona de lavado de rodas, das tres obras de drenaxe transversal (ODT's) e da cuneta perimetral das balsas, someteranse a unha decantación de sólidos na balsa de pluviais proxectada. No caso das augas procedentes da plataforma e zona de lavado de rodas, trataranse tamén previamente no separador de hidrocarburos. Proponse o vertido da totalidade das augas de escorrenta -as procedentes da balsa de pluviais e da zona de almacenamento de terra vexetal ao SO da parcela- á canle do regato Agro das Xestas, afluente do río Vilacoba. Cómpre facer as seguintes consideracións ao respecto:

- O caudal total das augas de vertedura procedentes da balsa de pluviais, estímase en 0,953 m^3/s [18]

- As augas procedentes da cuneta da zona de almacenamento de terra vexetal no suroeste da parcela constitúen un total de 0,50 m^3/s [19]

- Non se estiman os parámetros de concentración que aseguren a correcta depuración das augas residuais de escorrenta, tras a súa depuración e antes da súa vertedura.

Polo tanto, o caudal de vertido das augas de escorrenta é moi superior aos caudais mensuais estimados no punto de vertido[20] do regato Agro das Xestas e tampouco se garante a suficiencia dos tratamentos de depuración propostos. Consecuentemente, **non se considera axeitada a xestión proposta das augas de escorrenta** ao non estar asegurada a capacidade de admisión do medio receptor.

No que respecta ao **tratamento dos lixiviados** procedentes das celas e das augas residuais de limpeza e lixiviados da nave, propoñen o seu almacenamento en dúas balsas exteriores cunha capacidade total de 9.195 m^3 e a súa posterior entrega a xestor autorizado. Contemplan postergar a posible execución dunha estación depuradora de augas residuais (EDAR) para cando se teña máis coñecemento das características dos lixiviados, propoñendo, unha vez executada a EDAR, o vertido do permeado á balsa de pluviais. Ao respecto, fanse as seguintes consideracións:

- A elevada pluviometría da zona, á que xa se fai referencia no EsIA, aumenta o risco de vertidos accidentais comprometendo a capacidade das balsas propostas no exterior.

[18] Segundo os datos reflectidos na Addenda á solicitude de Autorización Ambiental Integrada de data Novembro de 2017.


[19] Segundo os datos reflectidos na Addenda á solicitude de Autorización Ambiental Integrada de data Xaneiro de 2017.

[20] Segundo datos aportados no informe da Área de Calidade das Augas da Subdirección Xeral de Xestión do Dominio Público Hidráulico de Augas de Galicia.

- En caso de executarse a EDAR, o almacenamento do permeado na balsa de pluviais implica o seu posterior vertido ao Agro das Xestas, xunto coas augas de escorrenta, o que limitaría aínda máis a capacidade do medio receptor.

Consecuentemente, **non se considera axeitada a xestión contemplada dos lixiviados,** e se establece como necesaria a execución a *priori* da EDAR e como obrigatoria a **previa** localización dun punto de vertido que asegure a capacidade de acollida e a non afectación do medio receptor.

Cómpre destacar que, a situación en cabeceira de conca do ámbito, dificulta a existencia dun medio receptor coa entidade suficiente para acoller as augas de escorrenta e lixiviados. Ademais, o vertedoiro proposto constituiría un potencial punto de contaminación difusa cuxa área de afección podería abarcar á práctica totalidade da cunca receptora, víndose afectada, ademais da súa biodiversidade, as captación existentes, o coto de pesca de Traba e o estuario do río Tallara.



Captacións superficiais e subterráneas na conca do río Vilacoba


Segundo a documentación aportada, a auga para abastecemento humano subministrarase por medio dun pozo de barrena que se executará na mesma parcela, e, por outra banda, afirman que a auga para o sistema de protección contra incendios proviría da "Rede pública de auga". Destacar que a parcela non conta con **rede de abastecemento, non se acredita a suficiencia do recurso hídrico, non se valora o impacto que puidera xerar a súa obtención da masa de auga subterránea** e non se dispón da preceptiva autorización do organismo de conca[21].

[21] Artigos 25, 54 e 59 do texto refundido da Lei de Augas , aprobada por Real Decreto Lexislativo 1/2001, do 20 de xullo.

3.1.2 Ocupación do territorio

O proxecto abrangue unha superficie de 200.000 m^2 de terreos con aproveitamento agroforestal, catalogados como solo rústico de protección forestal. De acordo coa Disposición transitoria primeira da LSG, ao solo rústico dos planeamentos aprobados con anterioridade a súa entrada en vigor e adaptados a anterior Lei 9/2002, como é o caso do PXOM de Lousame, aplicaráselles o disposto na LSG. Se ben a LSG contempla as instalacións de xestión e tratamento de residuos como actividades compatibles co solo rústico, establece tamén unha serie de condicións respecto da transformación dos terreos e as edificacións. Non se inclúe, na documentación aportada, un estudo que analice a súa compatibilidade coa lexislación de referencia en materia urbanística, o que dificulta a comprobación do seu cumprimento.

Respecto aos usos da contorna, o ámbito linda ao norte cun solo urbanizable non delimitado de uso industrial, e ao leste, cun solo de protección de infraestruturas que acolle una explotación gandeira e as instalacións do Complexo medioambiental de tratamento de residuos sólidos urbanos e industriais da Mancomunidade de concellos da Serra do Barbanza. A documentación aportada refírese ao positivo da presenza deste complexo medioambiental pola unificación de usos que suporía a execución do centro de xestión proposto, no entanto, **non se ten en conta a existencia desta explotación gandeira tradicional, que quedaría enclavada entre ambos os dous complexos, nin a sinerxía dos efectos de ambas as dúas plantas de tratamentos residuos**.



O RD 1481/2001 establece como necesario considerar a distancia ás zonas residenciais para a localización dun vertedoiro. A tal respecto, o seu desenvolvemento técnico, recomenda un mínimo de 1.000 m de distancia entre as zonas residenciais e os vertedoiros de residuos non perigosos, **distancia que non se cumpre nos casos dos núcleos de Fontefría, Cedofeito e Mirón**.

Tal e como se mencionou na variable de ciclo hídrico, ao non se garantir a dispoñibilidade do recurso hídrico, **tampouco se garante o cumprimento do artigo 23 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa**

contra os incendios forestais, en canto as medidas de prevención de incendios para as novas edificacións de uso industrial en terreos forestais.

En canto a súa coherencia co Plan de Xestión de Residuos Industriais de Galicia (2016-2022) (PRIGA)[22] , comentar que o Plan establece uns criterios de emprazamento para as futuras instalacións de xestión en base a criterios técnicos, ambientais, sociais e de facilidade de xestión. Se ben é certo que as determinacións do Plan non lle son de aplicación ao proxecto do Centro de xestión de residuos industriais de Lousame, si que constitúen unha guía sólida e fiable para a análise da sostibilidade ambiental da proposta. Neste senso, no tocante aos criterios específicos recollidos no PRIGA para o emprazamento de novos vertedoiros –preferencia por vertedoiros inactivos, zonas degradadas por actividades extractivas e terreos con características xeolóxica de tipo arxiloso, de granito inalterado e lousa en zonas continuas-, cómpre dicir que o Centro de xestión de residuos industriais de Lousame non cumpriría con ningún deles.

Indicar finalmente, que non se aporta unha análise de riscos que identifique os efectos agardados derivados da vulnerabilidade do proxecto ante riscos de accidentes graves ou de desastres que incidan no proxecto.

3.1.3 Patrimonio natural

A pesar de que o terreo sobre o que se proxecta a execución do centro de xestión, non conta con ningunha figura de protección, si que se detecta unha importante diversidade biolóxica asociada aos mananciais existentes. Existen indicios da presenza do hábitat de interese prioritario, Queirogais húmidos atlánticos, presente en áreas lindeiras.

Por outra banda, a presenza de especies con potencial invasor, incluídas dentro do Plan Estratéxico de xestión de especies exóticas invasoras en Galicia, como é a Acacia negra, demanda un estudo máis detallado de identificación de especies e a proposta das medidas preventivas oportunas que eviten o risco de propagación.

Segundo o Plan Xeral de Ordenación Municipal de Lousame, o solo sobre o que se localizará o vertedoiro está cualificado como "Rústico de Protección Forestal en Zona de progresiva recuperación da diversidade biolóxica e produtiva", o cal, non foi considerado nin analizado pola documentación do proxecto.

Considérase que o estudo realizado do patrimonio natural é insuficiente ao estar apoiado principalmente sobre unha documental, carecendo dun traballo de campo que o complemente. Visto o cal, **non pode confirmarse que non se vaian a producir afeccións significativas sobre o patrimonio natural** da parcela e da súa contorna.

3.1.4 Atmosfera

Os principais impactos negativos susceptibles de afectar ao medio ambiente atmosférico, serían por emisións difusas de partículas, por emisións de gases dos vehículos e da maquinaria, pola xeración de olores e polo incremento dos niveis sonoros e vibracionais.

Respecto á emisión de olores o proxecto estima que, posto que o enchido do vaso non será realizado con materiais que desprendan olor, non se producirá contaminación odorífera. Considérase que este aspecto non foi debidamente avaliado, xa que aínda que a *priori* non se estime esta afección, o Programa de vixilancia e seguimento ambiental debería contemplalo para poder establecer medidas correctoras no caso de que se produza afección.

No que respecta ao impacto acústico, os niveis sonoros emitidos pola maquinaria pesada na fase de obras poderían xerar molestias nos núcleos rurais máis próximos (Fontefría e Cedofeito) e nos traballadores da planta de tratamento de residuos do complexo medioambiental xa existente. Ademais, as vibracións producidas polas voaduras previstas para a execución do vaso de vertido poderían comprometer a estabilidade estrutural das edificacións máis próximas. Durante o funcionamento do vertedoiro, o aumento do tráfico pesado asociado ao

[22] Aprobado no Consello da Xunta do 22 de decembro de 2016

novo vertedoiro, podería tamén afectar ás áreas máis sensibles lindeiras ás vías de acceso. **Non se achega un estudio do posible impacto acústico e vibracional** nin se contempla o seu seguimento nas áreas residenciais e actividades máis próximas.

Finalmente, salientar que non se avalía o efecto da proposta sobre o **cambio climático.**

3.1.5 Sociedade e economía

Desde o punto de vista social e económico, o promotor considera que o proxecto será positivo para a comarca e para o concello ao ser xerador dunha actividade económica directa e indirecta. Pola contra, **o proxecto conta cun forte rexeitamento social**, téndose recibido 26 alegacións e preto de 2.300 sinaturas amosando a súa oposición ao proxecto. Entre os alegantes atópanse particulares e veciños, diferentes colectivos sociais, así como o propio Concello de Lousame, concellos veciños e grupos parlamentarios. A oposición a nivel provincial, comarcal e municipal coa que conta o proxecto, poñe en dúbida o seu impacto positivo sobre a sociedade.

As distancias do vertedoiro ás zonas residenciais máis próximas son, segundo as delimitacións recollidas polo Plan Xeral de Ordenación Municipal de Lousame, de 450 m ao núcleo de Fontefría, 900 m ao de Cedofeito, 1.000 m ao de Mirón e 1.400 m ao de Servia. Estas distancias son inferiores ás recollidas no proxecto, polo tanto, considérase que o impacto que se producirá sobre o poboación durante a fase de explotación non foi analizada correctamente nos documentos do proxecto, non establecendo as precisas medidas preventivas e correctoras.

Cómpre tamén mencionar que, aínda que na parcela non existen montes catalogados nin de xestión pública, é lindeira cos montes veciñais en man común Colou e Fontefría, sobre os que, dadas as características do proxecto, son de esperar afeccións derivadas do necesario cumprimento da normativa de prevención de incendios forestais que diminuirían a súa produción e polo tanto o seu rendemento económico.

3.1.6 Patrimonio cultural

A pesar de existir no ámbito dúas rochas con gravados (As Brañas 1 e As Brañas 2) que se verán afectadas pola execución do proxecto ao atoparse, respectivamente, onde se executará a cela 7 no vaso, e a 15 m do lugar onde se instalará a balsa de pluviais, a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural informa favorablemente sempre e cando se cumpran as medidas incluídas no Estudio de Impacto sobre o Patrimonio Cultural e no seu informe emitido ao respecto.

3.1.7 Paisaxe

O proxecto conta cun Estudo de impacto e integración paisaxística (EIIP) no que se analizan as afeccións que terá o vertedoiro sobre a paisaxe, e respecto ao cal, o Instituto de Estudos do Territorio sinala que se axusta formalmente aos contidos establecidos no artigo 11 da Lei de 7/2008 do 7 de xullo, da paisaxe de Galicia e establece unha serie de recomendacións para minimizar o impacto paisaxístico.

No entanto, cómpre indicar que aínda que non existe unha liña de visión directa desde a AEIP "San Xusto", esta área podería verse afectada polo tráfico pesado asociado a actividade do vertedoiro. Non se contempla este impacto na documentación.

3.1.8 Mobilidade

O acceso principal ao ámbito, realízase pola estrada AC-543 do que deriva un viario pavimentado, de aproximadamente 6 m de anchura, e polo que tamén se accede ao complexo medioambiental lindeiro.

Durante a vida útil do centro de xestión producirase un incremento de tráfico pesado que, ademais, se sumará ao xa asociado á actual planta de xestión de residuos de FCC. O proxecto non analiza as posibles afeccións que

este aumento de trafico pesado terá sobre o medio, **nin se analiza a capacidade e estado do viario para absorbelo.**

3.1.9 Ciclo de materiais

No Centro de xestión ambiental de Lousame levaranse a cabo actividades de valorización de residuos non perigosos (triaxe e proceso CDR) e de almacenamento de residuos perigosos e non perigosos.

Segundo se recolle na documentación, as capacidades de tratamento serán de **75.600 t/ano** (37.800 t/ano de capacidade normal) na liña de triaxe e de **18.900 t/ano** (9.450 t/ano de capacidade normal) para a liña de proceso CDR. Así mesmo, o vertedoiro terá unha capacidade de **77.000 t/ano**, cunha vida útil de 10 anos, sendo receptor exclusivamente do material de rexeite das labores de valorización.

Dos datos aportados, despréndese que a planta de valorización traballe a capacidade máxima de valorización **94.500 toneladas de residuos ao ano**, dos cales 77.000 t serán depositadas en vertedoiro. Isto supón que o 81% dos residuos procesados no centro non serán obxecto de valoración. Asemade, esta porcentaxe será aínda superior, se se ten en conta que parte dos residuos xestionados na liña de triaxe irá á liña de proceso CDR, polo que a capacidade total de valorización será menor.

En base ao exposto nos parágrafos anteriores, considérase que **o proxecto contradí o principio de promover a valorización fronte a eliminación ao vertedoiro.**

4 Proposta

Examinada a documentación que constitúe o expediente, este Servizo de Avaliación Ambiental de Proxectos formula unha proposta de declaración de impacto ambiental desfavorable para o proxecto do Centro de Xestión Ambiental de Lousame ao concluírse que dito proxecto causará efectos negativos significativos sobre o medio ambiente, e ao considerarse que as medidas previstas polo promotor non garanten suficientemente a súa completa corrección ou a súa axeitada compensación.

O xefe do Servizo de Avaliación Ambiental de Proxectos

Manuel Díaz Cano

XUNTA DE GALICIA - CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO - SERVIZO DE AVALIACIÓN AMBIENTAL DE PROXECTOS

Visto todo o que antecede, esta Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático, como órgano ambiental e no exercicio das competencias que lle atribúe o Decreto 167/2015, do 13 de novembro, **RESOLVE** formular a declaración de impacto ambiental desfavorable para o proxecto, en cumprimento do disposto no artigo 41 da Lei 21/2013, de 9 de decembro, de avaliación ambiental.

Esta declaración farase pública a través do Diario Oficial e Galicia e da páxina web da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio (www.cmaot.xunta.gal) e remitiráselle ao órgano substantivo para os efectos oportunos.


De acordo co artigo 41.4 da Lei, contra esta declaración de impacto ambiental non procederá recurso algún sen prexuízo dos que, no seu caso, procedan en vía administrativa ou xudicial fronte ao acto, no seu caso, de autorización do proxecto.

Santiago de Compostela, 4 de maio de 2018

A directora xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático

María Cruz Ferreira Costa

ANEXO



Situación e localización do ámbito do proxecto